

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 20 DE MAIO DE 2021,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Senda e reparación de beirarrúas na PO-549, de clave PO/19/126.06, nos concellos de Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a superación do límite establecido para pagamentos anticipados e a exención da constitución de garantías polos citados pagamentos anticipados e/ou á conta derivados da convocatoria para o ano 2021 de axudas para a organización de actividades formativas non regradas e de divulgación que impulsen o coñecemento, a competitividade e a innovación da industria forestal de Galicia, por un importe total de cincocentos mil euros (500.000 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda e Administración Pública, e o Concello de Santiago de Compostela para sufragar os gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma de Galicia por un importe máximo de dous millóns trescentos noventa e dous mil catrocentos vinte cinco euros (2.392.425 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- ACORDO polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial PS-2, da área científico-tecnolóxica 1, do Plan sectorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar, nos terreos da ETEA, no concello de Vigo.



CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Irixoa para a mellora da rede de saneamento na parroquia de Irixoa. Concello de Irixoa (A Coruña), susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do eixe REACT UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19, por importe de trescentos dez mil euros (310.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Friol para a mellora da rede de saneamento na parroquia de Roimil. Concello de Friol (Lugo), susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do eixe React UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19, por importe de douscentos oitenta e dous mil euros (282.000 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do servizo de realización de rutas de transporte escolar a 424 centros de ensino público da Comunidade Autónoma de Galicia mediante 57 lotes (expte. 1A/2021/TE), por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada e tramitación urxente, polo importe de noventa e tres millóns catrocentos dezanove mil novecentos catro euros con dez céntimos (93.419.904,10 €) e un valor estimado de douscentos tres millóns oitocentos vinte e cinco mil douscentos corenta e cinco euros con trinta e seis céntimos (203.825.245,36€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a nova estratexia para o desenvolvemento do Polo Aeroespacial de Galicia durante o período 2021-2025.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da adquisición de material de laboratorio, de limpeza e aseo, vestiario, produtos farmacéuticos e outros, así como gastos de



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

desprazamento de persoal, derivados da situación de emerxencia ocasionada pola pandemia da COVID-19, por importe de un millón novecientos cincuenta e un mil catrocentos catorce euros con sesenta e cinco céntimos (1.951.414,65 €) IVE engadido, na Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, durante o mes de abril do presente ano.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a licitación, polo procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, da subministración de dúas embarcacións patrulleiras para o Servizo de Gardacostas de Galicia da Consellería do Mar.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DUNHA SENDA PEONIL E PARA A REHABILITACIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA PO-549, EN VILANOVA DE AROUSA E EN VILAGARCÍA DE AROUSA

- *A intervención suporá un investimento autonómico de máis de 1,1 millón de euros en que se inclúe o pagamento dos 21 predios necesarios para a súa execución*
- *Construiranse ou renovaranse 3,27 quilómetros de beirarrúas, que unirán e completarán treitos xa existentes na estrada autonómica*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento de actas previas e á licitación das obras no segundo semestre deste ano*
- *Relocalizaranse e mellorarase a protección de pasos de peóns e procederase á reordenación e dotación de aparcadoiros*
- *Unha vez executada a actuación, disporase dun itinerario continuo para desprazarse a pé entre Cambados, Vilanova e Vilagarcía, e tamén coa Illa de Arousa, beneficiando unha poboación de 70.000 persoas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe as expropiacións para a execución dunha senda e para a rehabilitación das beirarrúas na estrada autonómica PO-549, no treito que comunica os concellos de Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa.

O investimento que o Goberno galego destinará a esta actuación ascende a máis de 1,1 millón de euros, en que se inclúe o pagamento dos 21 predios necesarios para a súa execución.

Esta intervención busca regular e establecer o uso de diferentes espazos, reforzando a seguridade viaria e facilitando unha interacción harmónica e respectuosa entre peóns e vehículos, nun treito da PO-549 cunha urbanización irregular, onde hai tramos con beirarrúas e outros sen elas, e mesmo treitos nos cales as beiravías son empregadas de xeito frecuente como aparcadoiros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento de actas previas e á licitación das obras no segundo semestre do ano. Os traballos constan dun prazo de execución de 9 meses.

O proxecto recolle, como principais actuacións, a construción dunha senda peonil á marxe da estrada, dotación de prazas de estacionamento, estreitamento dos carrís da estrada existente e extensión dunha capa de rodadura en toda a plataforma da vía na zona de actuación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para iso, construíranse ou renovaranse 3,27 quilómetros de beirarrúas, que unirán e completarán treitos xa existentes, cunha sección tipo de 1,80 metros de ancho variable, que se reducirá a 1,20 metros alí onde non exista espazo suficiente.

Acometeranse outras actuacións complementarias centradas no reforzo da seguridade viaria, como a relocalización e mellora da protección de pasos de peóns para facelos máis visibles, ou a reordenación dos aparcadoiros.

No proxecto inclúese a reposición e prolongación da actual canalización de abastecemento ao longo dos treitos. Nos accesos ás vivendas e nas entradas aos predios rebaixaranse os bordos.

Esta intervención vén completar os treitos de sendas ou de beirarrúas xa executados recentemente nesta mesma estrada, en Deiro. Deste xeito, ao remate da actuación disporase dun itinerario continuo ao longo da PO-549 para desprazarse a pé de modo seguro entre Cambados, Vilanova e Vilagarcía de Arousa, e tamén coa Illa de Arousa a través da senda en execución na PO-307, o que suporá beneficiar unha poboación de 70.000 persoas.

Nos seguintes mapas amósase o ámbito e a situación da actuación.





XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Comunicación da Xunta de Galicia

San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela

Tel.: 981 541 238 / 42 / 51 - Fax: 981 541 252 / 41

Correo-e: comunicacion@xunta.gal



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

A XUNTA APROBA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PROMOVER A FORMACIÓN DE MÁIS DE 1500 PROFESIONAIS NA INDUSTRIA FORESTAL GALEGA

- *A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación destina 500.000 euros a esta iniciativa coa que prevé apoiar 136 actuacións*
- *Poden beneficiarse destas axudas as asociacións, organizacións, fundacións de interese galego e entidades sen ánimo de lucro vinculadas á cadea de valor do forestal, así como agrupacións empresariais innovadoras e colexios profesionais*
- *O Goberno galego destina este ano 13,8M€ en axudas dirixidas á primeira e á segunda transformación da madeira, ademais do contract, que incidirán tamén no eido formativo dos profesionais deste sector*

A Xunta, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, destinará este ano 500.000 euros á nova convocatoria do programa de axudas que ten como obxectivo impulsar a formación e divulgación no eido da industria forestal. Con esta liña prevese beneficiar ao redor de 15 organizacións profesionais, realizar 136 actuacións e chegar a 1550 profesionais do sector.

Estes apoios diríxense a asociacións, organizacións, fundacións de interese galego e entidades sen ánimo de lucro, que teñan base asociativa e sexan representativas ou relacionadas coa cadea de valor da industria forestal; a agrupacións empresariais innovadoras representativas ou relacionadas coa cadea de valor da industria forestal; e a colexios profesionais cando as actividades subvencionables se correspondan co seu obxecto e fins sociais, segundo o disposto nos seus estatutos.

O obxectivo é dotar os profesionais do sector das competencias necesarias para adaptárense aos cambios tecnolóxicos desta industria, así como dar a coñecer ao sector e á sociedade a importancia da industria forestal na economía galega, especialmente no eido rural.

En concreto, apoiaranse actividades formativas non regradas nas cales se acredite a asistencia mínima de 10 persoas, sempre e cando o 70% do alumando teña unha asistencia mínima do 80% da duración; así como actividades divulgativas en que se acredite a asistencia mínima de 20 persoas. As axudas comprenden os custos da formación, ata un máximo de 120.000 euros por asociación adxudicataria.

Grazas a esta liña de axudas da Axencia Galega da Industria Forestal (Xera), o pasado ano investíronse un total de 470.000 euros en máis de 130 accións formativas. Esta iniciativa forma parte do paquete de medidas deseñado pola propia Xera para este ano por máis de 13,8M€, cos que se mobilizarán preto de 40 millóns na modernización e



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

innovación da industria forestal, potenciando tamén a formación dos profesionais do sector.

Con estas axudas, o Goberno autonómico busca facilitar e impulsar a realización de investimentos de mellora dos procesos de primeira e segunda transformación e do contract, beneficiando o conxunto da industria forestal galega, así como fomentar a formación destinada á mellora da cualificación dos traballadores. En total, espérase que en 2021 se beneficien máis de 165 empresas e 15 asociacións, así como os 1550 profesionais vinculados ao programa de axudas á formación que se avaliou no Consello da Xunta de hoxe.

Esta semana xa pechou o prazo de solicitude da liña de axudas por 11,3M€ destinada a apoiar os investimentos en tecnoloxías forestais, procesado, mobilización e comercialización de produtos forestais, cofinanciada con fondos Feader; e agárdase que a próxima semana se abra o prazo das axudas para a valorización, potenciación, innovación e mellora das pequenas e medianas empresas da industria forestal de Galicia, e das liñas da segunda transformación e do contract, dotada con 2 millóns de euros.

A XUNTA ACHEGA AO CONCELLO DE SANTIAGO POLO ESTATUTO DE CAPITALIDADE 2,39 MILLÓNS DE EUROS

- *A asignación mantense estable con respecto ao ano pasado*
- *A Xunta contribúe así ao sostemento dos servizos derivados da súa condición de capital de Galicia e sede das institucións autonómicas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda e Administración Pública, e o Concello de Santiago de Compostela para o financiamento do Estatuto de capitalidade desta cidade. A cantidade que a Xunta achegará ao Concello para facer fronte aos gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma e sede das institucións autonómicas ascende a 2.392.425 euros, a mesma cantidade que no pasado ano 2020.

O 24 de xullo de 2002 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Lei 4/2002, do 25 de xuño, do Estatuto da capitalidade de Santiago de Compostela, co obxecto de regular o estatuto especial desta cidade como sede das institucións autonómicas e polo seu recoñecemento como capital da Comunidade Autónoma. Establécense así os mecanismos adecuados para o tratamento xurídico-administrativo e financeiro da capitalidade da cidade.

Neste marco, realizarase unha xustificación do financiamento que consistirá na certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control interno no Concello de Santiago, da toma de razón en contabilidade dos libramentos feitos pola Comunidade Autónoma de que os referidos importes derivan do establecido na Lei 4/2002 e de que estes foron destinados a financiar os gastos do Concello xurdidos como consecuencia de ser a capital de Galicia.

Deste xeito, e co obxectivo de establecer unha coordinación entre a Administración autonómica galega e o Concello de Santiago no referido ás competencias e responsabilidade derivadas da capitalidade, creouse o Consello da Capitalidade, que ademais será o encargado da interpretación e do seguimento do cumprimento do convenio aprobado hoxe.

A fixación de Santiago como sede das institucións autonómicas derivou na necesidade de afrontar novos retos, particularmente en relación coa prestación de servizos públicos, determinados directamente pola presenza das institucións autonómicas no termo municipal.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta lei establece unha previsión de financiamento específico nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma co que se pretende contribuír ao financiamento dos servizos e gastos do Concello motivados por este estatuto de capitalidade.

Comunicación da Xunta de Galicia

San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238 / 42 / 51 - Fax: 981 541 252 / 41
Correo-e: comunicacion@xunta.gal



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

A XUNTA DÁ UN PASO MÁIS PARA IMPULSAR O CAMPUS DO MAR NA ETEA COA APROBACIÓN DO PROXECTO DO ÁMBITO PROMOVIDO POLO CSIC

- *O chamado PS-2, o terceiro que recibe o visto e praxe do Consello nos últimos sete meses, ordena e detalla unha área de ao redor de 16.000 metros cadrados destinada a albergar as novas instalacións do Instituto de Investigacións Mariñas*
- *Entre as principais actuacións previstas co fin de acondicionar este espazo e adaptalo aos seus futuros usos cómpre subliñar o mantemento e rehabilitación de catro dos edificios existentes, escollidos polo seu valor patrimonial, e a demolición doutros catro de escasa entidade, para facilitar a nova ordenación prevista*
- *O obxectivo final é implantar un proxecto estratéxico para Galicia, chamado a converterse nun referente en materia de investigación e innovación no eido mariño, aumentar o atractivo público do espazo como elemento que revitalice o barrio vigués de Teis-A Guía e garantir a integración do conxunto nos valores da contorna*
- *En canto aos outros cinco proxectos previstos para desenvolver o Campus do Mar, un está en trámite (PS-3), dous foron aprobados (PS-1 e PS-6), outro xa se executou (PS-5) e o que depende do Concello de Vigo (PS-4) non iniciou o trámite ambiental*

O Consello da Xunta aprobou definitivamente o Proxecto sectorial da área científico tecnolóxica 1 (PS-2) do futuro Campus do Mar en Vigo. Con este acordo dáse un paso importante para seguir avanzando no impulso e desenvolvemento deste ambicioso complexo especializado en investigación mariña nos terreos que ocupaba a antiga Escola de Transmisións e Electricidade da Armada (ETEA).

A decisión permitirá desenvolver unha superficie de algo máis de 16.000 metros cadrados destinada a acoller as novas instalacións do Instituto de Investigacións Mariñas, dependente do Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC), organismo que, precisamente, actúa como promotor deste ámbito.

Cómpre lembrar que, debido ao seu carácter estratéxico para o conxunto de Galicia, o Campus Científico-Tecnolóxico do Mar foi declarado de incidencia supramunicipal e en 2012 aprobouse o Plan sectorial de ordenación territorial deste, como instrumento encargado de fixar as condicións particulares para o seu futuro desenvolvemento.

Este plan conta cun triplo obxectivo. Por unha banda, a implantación do novo campus promovido pola Xunta, altamente especializado e chamado a ser un referente internacional no eido da investigación mariña; a ordenación detallada dos usos complementarios abertos á cidadanía, para facelo un espazo máis atractivo e que contribúa á revitalización do barrio vigués de Teis-A Guía no cal se enmarca; e por último, a súa integración nun ámbito de singular valor cultural e paisaxístico, respectando os valores da contorna.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, as antigas instalacións da ETEA ofrecen unha localización idónea para un proxecto desta envergadura, ao tratarse dun conxunto dotado dunha grande autonomía funcional tanto en relación coa cidade de Vigo como cos seus barrios periféricos, ben relacionada cos eixos viarios rexionais e cunhas condicións naturais que a converten en parte relevante da paisaxe da ría e nunha nova oportunidade de abrir a cidade cara ao mar.

Para cumprir con este fin, o Plan sectorial do Campus do Mar prevé o seu desenvolvemento a través de seis proxectos sectoriais, a metade deles promovidos pola propia Xunta, outros dous polo CSIC e a Universidade de Vigo, e un polo Concello de Vigo. Tras o acordo adoptado hoxe polo Consello da Xunta, o PS-2 convértese no terceiro en lograr a súa aprobación definitiva nos últimos sete meses, unha boa mostra do compromiso do Goberno galego con este ambicioso proxecto que busca a recuperación do complexo da antiga ETEA coa adaptación dos terreos aos novos usos previstos.

O ámbito do PS-2

O proxecto sectorial da área científico-tecnolóxica 1 aprobado esta mañá abrangue un ámbito de 16.042 m² que está en contacto coa praza de Armas polo noroeste; coa avenida principal da ETEA polo oeste; co ámbito PS-3 B cara ao sur, e co peirao da ETEA e o barrio de Teis cara ao norte e o leste, respectivamente.

O obxectivo neste caso é acondicionar os terreos para permitir o traslado a unhas novas instalacións do centro que ten o Instituto de Investigacións Mariñas (IIM-CSIC) actualmente no barrio vigués de Bouzas, e da Unidade Tecnolóxica Mariña, localizada no Berbés.

O ámbito incluído no PS-2 está parcialmente ocupado por un total de oito edificacións pertencentes ao antigo complexo da ETEA, concretamente os edificios Kelvin, Hertz, Luis Janer, Aulas e exposicións, Ampere, Vivenda do axudante maior, Churruca e Gauss. De todos eles, tras unha análise detallada, o proxecto sectorial prevé manter e rehabilitar as catro que presentan valores patrimoniais destacables, como o edificio Kelvin, cun grao de protección estrutural no PXOM de Vigo e que o Plan sectorial da ETEA tamén recolle.

A nova ordenación xirará arredor dunha praza interior, que queda conformada polos edificios Hertz -o cal ampliará a súa superficie-, Gauss, Churruca e o novo edificio Ampere. Ao sueste, no lugar onde actualmente hai unhas pistas de tenis en desuso, concentrarase o resto da edificabilidade nun novo edificio; e como elemento estruturante da mobilidade en todo o ámbito desenvolverase unha vía perimetral polos extremos oriental (lindeiro co barrio de Ríos) e sur (en contacto co futuro PS-3B). Os

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

edifícios Kelvin e Gauss manterán as súas envolventes e no caso de Hertz e Churruca manteranse tamén as súas fachadas de pedra, aínda que se desmantelará o interior polo seu mal estado de conservación.

Por outra banda, o PS-2 propón a demolición de catro edificios existentes (Luis Janer, Ampere, Aulas e exposicións e a Vivenda do axudante maior) pola súa escasa calidade arquitectónica e construtiva e incompatibilidade co desenvolvemento do programa previsto.

En canto ás zonas de estacionamento, o plan sectorial exige unha reserva mínima de 42 prazas para este ámbito concreto, no cal se prevén finalmente unhas 200 prazas, mantendo 11 delas na vía pública, reservando dúas para persoas de mobilidade reducida.

En canto ao cronograma previsto para o seu desenvolvemento, establécese o prazo dun ano desde a aprobación definitiva do PS-2 para o inicio das obras e de catro anos a partir dese momento para rematar a execución da urbanización.

Estado de tramitación dos outros proxectos

Dos seis proxectos necesarios para desenvolver o Campus do Mar, un está actualmente en tramitación (o PS-3), outros tres acaban de aprobarse (PS-2, PS-1 e PS-6) e un quinto foi xa executado (PS-5). O restante proxecto sectorial, correspondente ao ámbito PS-4 e que depende do Concello de Vigo, é o único que aínda non iniciou a tramitación ambiental.

Ademais da xa referida área científico-tecnolóxica 1, prevista no PS-2, cómpre lembrar que o PS-6 está reservado a usos complementarios, entre os que destaca a futura residencia pública para maiores; o PS-4 correspóndese coa área de equipamento deportivo, usos complementarios dotacionais e parque urbano; o PS-5, xa desenvolvido na súa totalidade pola Xunta, alberga unha pista de patinaxe, unha pista de *skate*, carril-bici, dúas pistas multideporte e un parque infantil, entre outros elementos recreativos, e finalmente o PS-3, que se desenvolverá en dúas fases, acollerá a outra grande área científico-tecnolóxica, promovida neste caso pola Universidade de Vigo.

En total e ata o momento, a Xunta de Galicia xa leva executado un investimento de 7,7 millóns de euros en actuacións relacionadas cos tres ámbitos que promove directamente: o PS-1, o PS-5 e o PS-6. Nesta contía está incluído o custo do solo adquirido no seu día na ETEA, así como as obras rematadas xa desde 2015 na área de usos recreativos (PS-5).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, a previsión é que o Goberno galego invista en total ao redor de 10 millóns de euros no ámbito destinado a vías, espazos de uso libre e infraestruturas de conexión, tanto interiores como exteriores –o PS-1-, e uns 27 millóns de euros na área reservada ao desenvolvemento de usos complementarios como a futura residencia de maiores –o PS-6-.

Cómpre lembrar que cada un dos seis proxectos deben superar cadanseu trámite ambiental promovido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático. Logo, continúan a súa tramitación ante a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, e por último elévanse ao Consello da Xunta para a súa aprobación definitiva.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE IRIXOA PARA COMPLETAR O SERVIZO DE SANEAMENTO, CUN INVESTIMENTO DE 310.000 EUROS

- *O Goberno galego contribuirá co 80% do investimento, achegando 248.000 euros, e a entidade local achegará o 20% restante, 62.000 euros*
- *Unha vez autorizado este acordo, Augas de Galicia procederá á licitación desta intervención, que ten un prazo de execución de seis meses e será financiada con fondos europeos do programa Feder de resposta fronte á pandemia*
- *Executaranse 5 ramais en tubaxe, que se instalarán nas marxes das estradas existentes, entre elas, a vía autonómica AC-151 e a provincial DP-0905*
- *A actuación dará servizo a unha poboación de 177 habitantes, que sumada á xa conectada á depuradora, supoñen 242 habitantes para o ano horizonte 2041*
- *O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos concellos para que estes poidan prestar de xeito eficaz os servizos de saneamento e abastecemento, que son de competencia municipal*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración co Concello de Irixoa para completar o servizo de saneamento no municipio coruñés, cun investimento de 310.000 euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación nun 80% coa achega de 248.000 euros. Tamén levará a cabo a contratación da execución, dirección e xestión das obras ata completar a súa finalización e formalizar os correspondentes actos de recepción.

Pola súa banda, a entidade local contribuirá ao financiamento do 20% restante, cun investimento de 62.000 euros. Ademais, comprométese a someter o proxecto das obras a información pública, así como a pór á disposición os terreos necesarios para levar a cabo as actuacións. Tamén asume a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, así como a recepción mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

A intervención será financiada pola Unión Europea, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19.

Unha vez autorizado hoxe este acordo, Augas de Galicia procederá á licitación destas intervencións, que teñen un prazo de execución de seis meses.

A colaboración co Concello de Irixoa comprende as actuacións necesarias para impulsar a mellora da rede de saneamento da parroquia de Irixoa, conformada por varios

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

núcleos pequenos de poboación. A parroquia dispón na actualidade de estación depuradora de augas residuais e un tramo do colector xeral que chega ata a parte central da zona urbana do núcleo, quedando pendente de executar o resto de colectores que conformarían e completarían a rede de saneamento.

As obras proxectadas

Para completar a rede de saneamento, o convenio establece o desenvolvemento de 5 ramais en tubaxe, que se instalarán nas marxes das estradas existentes, entre elas, a vía autonómica AC-151 e a provincial DP-0905.

Segundo o proxecto redactado, esta obra permitirá que as augas residuais recollidas se vertan en dous puntos da rede de saneamento actual que as conducirá ata a depuradora, xa en servizo, e dimensionada para atender unha poboación de 300 habitantes equivalentes.

Esta nova obra dará servizo a unha poboación de 177 habitantes para o ano horizonte 2041, que sumada á xa conectada á depuradora, supoñen 242 habitantes para o citado ano horizonte.

O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos concellos para que estes poidan prestar de xeito eficaz os servizos de saneamento e abastecemento, que son de competencia municipal.

A continuación preséntase unha imaxe da nova rede extraída do proxecto construtivo:



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Comunicación da Xunta de Galicia

San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238 / 42 / 51 - Fax: 981 541 252 / 41
Correo-e: comunicacion@xunta.gal



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE FRIOL PARA DOTAR DE SANEAMENTO O NÚCLEO DE ROIMIL CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 280.000 EUROS

- *A Xunta achegará o 80% do orzamento, 225.600 euros, e executará as obras, mentres o Concello de Friol contribuirá co 20% restante, 56.400 euros*
- *Unha vez autorizado este acordo, Augas de Galicia estará en disposición de licitar os traballos, que teñen un prazo de execución de seis meses e serán financiados con fondos europeos do programa Feder de resposta fronte á pandemia*
- *As obras estenderán a rede de saneamento e depuración de augas residuais aos lugares do Campo da Feira, O Pazo, Currás e A Penagateira e darán servizo a 20 vivendas e con capacidade de depuración para 200 habitantes*
- *A rede proxectada componse dunha condución principal, 2 colectores que verten ao principal e recollen sendas rúas do núcleo e 4 ramais secundarios, que se complementa con 59 pozos de rexistro*
- *O Goberno galego continúa prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan exercer as súas responsabilidades municipais dun xeito eficiente*

O Consello da Xunta autoriza o convenio de colaboración co Concello de Friol para dotar do servizo de saneamento o núcleo de Roimil, que suporá un investimento de 282.000 euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación nun 80% coa achega de 225.600 euros. O Concello de Friol contribuirá ao financiamento do 20% restante, destinando 56.400 euros.

Unha vez autorizado este acordo, Augas de Galicia estará en disposición de licitar as obras, que teñen un prazo de execución de seis meses. As actuacións serán financiadas pola Unión Europea, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta de la Unión á pandemia da COVID-19.

Pola súa banda, a entidade local tamén asume a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

As obras recollidas no convenio autorizado hoxe polo Goberno autonómico consisten na execución dunha rede de saneamento e depuración de augas residuais nos lugares do Campo da Feira, O Pazo, Currás e A Penagateira.

A solución proxectada

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A solución proxectada céntrase na construción da rede de colectores necesarios para evacuar as augas residuais ata o sistema de depuración previsto, que estará formado por unha depuradora de oxidación total con capacidade de depuración para 200 habitantes.

A rede de saneamento componse dunha condución principal, 2 colectores que verten ao principal e recollen sendas rúas do núcleo e 4 ramais secundarios. A rede complétase con 59 pozos de rexistro.

Para o funcionamento do sistema de depuración inclúense partidas para a acometida eléctrica, así como o sistema de medida e protección, e instalación interior para o seu correcto funcionamento.

Coa rede proxectada por Augas de Galicia veranse beneficiadas 20 vivendas, que reúnen unha poboación equivalente de 200 habitantes.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade mantén o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan prestar de xeito eficaz os servizos de saneamento e abastecemento, que son de competencia local.

O Goberno galego continúa prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan exercer as súas responsabilidades dun xeito eficiente.

Na seguinte imaxe amósase a planta das actuacións extraída do proxecto construtivo:




XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Comunicación da Xunta de Galicia

San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238 / 42 / 51 - Fax: 981 541 252 / 41
Correo-e: comunicacion@xunta.gal



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN INCREMENTA EN MÁIS DE 12 M€ O IMPORTE DA LICITACIÓN DO TRANSPORTE ESCOLAR DOS DOUS PRÓXIMOS CURSOS

- *Este 15% máis de orzamento garante que o alumnado siga gozando do servizo de transporte escolar nas mesmas condicións que nos últimos anos*
- *Incrementáanse o número de rutas e paradas, primando a calidade do servizo e o benestar dos usuarios*
- *Nos novos pregos realízanse tamén melloras nas condicións laborais dos condutores e acompañantes deste servizo*
- *Galicia é a Comunidade coa maior rede de transporte escolar, que concentra o 21,6% do gasto estatal neste servizo*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde aos novos pregos de contratación do servizo de transporte escolar dous próximos cursos, 2021/22 e 2022/23, prorrogable por outros dous cursos máis. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade eleva en máis de 12M€ o importe total do contrato nesta segunda licitación, o que supón melloras considerables sobre o primeiro procedemento.

Deste xeito, o importe de licitación elévase a 93.419.904,10€, un 15% máis de orzamento co que o Goberno galego garante que o alumnado siga gozando do servizo de transporte escolar nas mesmas condicións que nos últimos anos. Así mesmo, no novo contrato realízanse melloras nas condicións laborais dos condutores e acompañantes deste servizo, dando cumprimento ao acordo asinado o pasado 3 de maio coas organizacións sindicais UGT, CIG e CCOO.

O importe máximo do orzamento da licitación resulta de multiplicar os distintos custos unitarios (prezo/día do vehículo, prezo por quilómetro e prezo/hora de persoa condutora e acompañante) polo número de unidades producidas (horas de servizo, horas en baleiro e horas de produción da persoa condutora e acompañante) durante os cursos 2021/22 e 2022/23.

Incremento de rutas e paradas

A principal mellora nos novos pregos é o incremento de rutas, ata as 1586 (12 máis ca nos pregos anteriores), e de paradas, ata as 11.553 (284 máis), de tal xeito que en ningún caso os traxectos serán superiores a unha hora.

Estes axustes foron implementados unha vez analizada de novo a estrutura de todas as rutas, baixo o criterio de primar a redución dos tempos de espera do alumnado nas paradas ou traxectos desde as diferentes paradas e os centros educativos. O obxectivo é primar a calidade do servizo e o benestar dos usuarios.

Melloras para os traballadores

De acordo co acordo asinado coas organizacións sindicais, o novo contrato inclúe melloras significativas nas condicións laborais de condutores e acompañantes. Así, entre outras melloras, o acordo establece que o novo contrato incluírá novas obrigas contractuais esenciais respecto das condicións e prestacións para os traballadores, cuxo incumprimento poderá dar lugar a resolver o contrato.

No relativo ao servizo de acompañamento, establécense maiores garantías de estabilidade laboral do persoal, especificando de forma explícita que no caso de ser necesario subcontratar o servizo, as condicións destes acompañantes serán as mesmas que as dos contratados directamente pola empresa.

Ademais, fíxase un mínimo de dúas horas diarias de produción para cada acompañante e establécese que a empresa adxudicataria deberá garantir a axeitada preparación e formación deste persoal.

Os pregos recollen tamén actualizacións das táboas salariais de 2020 a 2021 co incremento do 34% en concepto de custo de Seguridade Social.

Garantías empresariais

Incorpóranse tamén no contrato novas garantías mínimas para asegurar o sostemento económico do contrato para a parte empresarial. Neste sentido, mellóranse as condicións no referido aos quilómetros en baleiro que realizan os vehículos, situando a distancia mínima nos 10 quilómetros.

Esta nova garantía mínima engádese ás que xa estaban establecidas nos pregos anteriores, como a previsión de incremento de servizos (un 10%) co obxectivo de facer fronte a modificacións ou imprevistos derivados da implementación destes servizos; ou a garantía inicial do pagamento do 75% do vehículo, tendo en conta que as características de explotación do servizo fan que a súa utilización para outros usos sexa escasa.

Calidade ambiental e formación

Entre outras melloras, limitáanse as baixas temerarias, sinálanse nas características técnicas dos lotes o número de prazas adaptadas e os acompañantes necesarios para o inicio dos contratos e establécese a obriga de pagamento pola Administración en caso de suspensión de servizos por causas no imputables aos contratistas como o suposto de folgas.

Así mesmo, introdúcense cambios relativos á calidade. Deste xeito, inclúense como criterios de valoración de ofertas a calidade ambiental, a calidade da flota e a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

existencia dun plan de formación. Así mesmo, o contratista deberá presentar un protocolo que inclúa cuestións como as actuacións previstas en caso de accidente ou avaría do vehículo, indisposición do condutor ou dun usuario ou falta de recollida dun alumno por parte do familiar ou persoa designada. Neste último suposto diferenciaranse no protocolo as actuacións que hai que levar a cabo segundo as diferentes idades dos usuarios e no suposto de usuarios con necesidades especiais.

A maior rede do Estado

A día de hoxe, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade xestiona o 47% das rutas de transporte escolar de Galicia, mentres que o resto das rutas pasaron a ser xestionadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade tras a entrada en funcionamento do Plan de transporte público de Galicia, que supuxo a implantación da nova modalidade de transporte público, coñecida como o autobús compartido.

O servizo de contratación da Consellería de Educación para 424 centros educativos divídese en 57 lotes, que inclúen o transporte de varios centros, en función do número de alumnos transportados e o número de rutas. O número máximo de días de prestación do servizo nos centros educativos será de 178 días lectivos por cada curso escolar para todos os lotes, 356 días lectivos en total.

Galicia continúa sendo a Comunidade Autónoma coa maior rede de transporte escolar, concentrando o 21,6% do gasto de toda España neste eido. A tramitación deste expediente permite continuar ofrecendo este servizo a centros públicos de toda Galicia. Este curso gozan do transporte escolar un total de 86.597 alumnas e alumnos de 774 centros educativos públicos. Ademais, dáse cobertura de transporte a 296 alumnos de centros de educación especial que non son públicos a través de convenios con 13 entidades, cun orzamento de máis de 1M€.

O transporte escolar é un servizo educativo complementario gratuíto para todo o alumnado con dereito a el segundo os requisitos establecidos na normativa vixente.



A XUNTA FIXA COMO PRIORIDADES PARA O POLO AEROESPACIAL DE GALICIA ATA 2025 O DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL DE GALICIA, A COMERCIALIZACIÓN DOS PRODUTOS E SOLUCIÓNS INNOVADORAS E A CREACIÓN DE EMPREGO DE CALIDADE

- *O Consello da Xunta avaliou, esta mañá, a Estratexia do Polo Aeroespacial de Galicia 2021-2025 para a que xa están comprometidos preto de 70M€ e que, de obter fondos europeos, podería chegar a mobilizar 540M€ de investimento público-privado*
- *Prevé 30 actuacións para seguir avanzando no eido das tecnoloxías disruptivas a través dos programas de I+D e de solucións; para mellorar as infraestruturas do aeródromo; para abrir novos mercados e impulsar a comercialización de produtos e servizos ou para seguir apostando polo talento*
- *Prevese xerar ata 3000 empregos, atraer entre catro e seis empresas tractoras, implantar 20 novas solucións tecnolóxicas, a sinatura de cinco acordos de I+D de compra privada de innovación, ou a creación de 24 empresas*
- *Buscarase dar resposta a novos retos do sector no eido público e privado, como a atención á dependencia, a xestión das emerxencias, a modernización da agricultura, a seguridade turística, a xestión sustentable dos recursos forestais, da biodiversidade ou da auga, a mobilidade ou as enerxías renovables*

O Consello da Xunta avaliou, na súa reunión desta mañá, a folla de ruta programada para o Polo Aeroespacial de Galicia para o período 2021-2025, que fixa como principais prioridades a consecución dun triplo marco estratéxico: o desenvolvemento industrial da rexión; o fomento das capacidades tecnolóxicas e innovadoras a través da xeración e transferencia de coñecemento ao mercado –o que permitirá a comercialización dos produtos e solucións innovadoras–; e a creación de emprego de calidade, podendo acadar ata os 3000 postos de traballo. Deste xeito, o Polo contribuirá á recuperación económica galega aliñándose, ademais, coas metas a nivel estatal e europeo deste período co obxectivo de crear riqueza non só a curto prazo, senón para crear as tecnoloxías, mercados e empregos do futuro.

Baixo este triplo marco estratéxico desenvolveranse unha trintena de actuacións, baseadas na colaboración institucional e público-privada, que abranguen desde o financiamento de grandes programas de I+D na busca de tecnoloxías disruptivas á realización de actividades escolares para promover as vocacións científicas, pasando pola compra de solucións baseadas nestas tecnoloxías para os servizos da Xunta, o impulso do aeródromo de Rozas como polo aeronáutico coa mellora das súas infraestruturas ou o apoio ás empresas galegas desta industria coa apertura cara a novos mercados. Neste sentido, un dos obxectivos é estender o impacto do Polo fóra

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de Galicia impulsando a creación de mercados públicos e privados para as solucións desenvolvidas polas empresas galegas.

A Xunta xa ten comprometidos para este período preto de 70M€ dos que 40 se destinarán a licitación de compra pública precomercial que será publicada ao longo do mes de xullo. Ademais, trátase dun dos proxectos tractores que integran a candidatura de Galicia aos fondos Next Generation, polo que se finalmente o Goberno central accede a que o Polo Aeroespacial poida formar parte deste programa europeo, esta iniciativa tería a oportunidade de mobilizar ata 540M€ a través da colaboración público-privada.

Entre os resultados que se espera obter, destacan a atracción de 4 a 6 empresas tractoras, a implantación de 20 novas solucións tecnolóxicas que permitan á Xunta mellorar a eficacia, eficiencia e seguridade dos seus servizos, a sinatura de, polo menos, cinco acordos de I+D en compra de solucións entre grandes compradores privados, así como a creación de 24 novas empresas.

Con este conxunto de medidas búscase impulsar o crecemento económico da Comunidade así como a súa cohesión; consolidar Galicia como unha rexión de referencia en Europa no segmento dos vehículos aéreos non tripulados, atraer empresas líderes para que invistan en Galicia e favorecer a comercialización e internacionalización dos produtos e servizos desenvolvidos polas empresas do sector aeroespacial.

A Xunta agarda, ademais, que o Polo se converta nun elemento clave para avanzar tanto na transformación dixital como na transición ecolóxica. De feito, trasladaranse novos retos para o sector público e privado que poidan ser resoltos desde o investimento industrial e a I+D, como unha mellor atención á dependencia e á xestión de emerxencias, a modernización do agro ou a seguridade turística; tamén retos relacionados coas novas demandas tecnolóxicas, ou o desenvolvemento de drons libres de emisións que poidan estar ao servizo da xestión sustentable dos recursos forestais, a biodiversidade ou a auga, a mobilidade limpa ou as enerxías renovables.

Deste xeito, a Xunta mantén o seu compromiso co impulso desta industria e, en concreto, co Polo Aeroespacial de Galicia, un proxecto que, desde a súa posta en marcha en 2015, xa permitiu mobilizar un investimento de 164M€ e contar coa participación de 937 profesionais e medio cento de pemes e centros de coñecemento galegos, ademais da implicación de tres compañías referentes no sector como Indra, Babcock e Boeing.



A XUNTA DESTINA MÁIS DE 1,9 MILLÓNS DE EUROS Á ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA PARA FACER FRONTE Á PANDEMIA DA COVID-19

- *Este orzamento dedícase a adquisición de bens e materiais, así como á contratación de servizos e á realización de pequenas obras*
- *A maior parte do orzamento vai para a compra de material sanitario e material de laboratorio*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación de emerxencia dun expediente de contratación, por valor de 1.951.415 euros, para a adquisición de bens e materiais, así como a contratación de servizos e a realización de pequenas obras na Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

A maior parte deste orzamento vai destinado á compra de material sanitario, con 904.012 euros e material de laboratorio por valor de 510.137 euros. A adquisición de material sanitario, comprende 5.500 contedores de residuos de diversos tipos, 1.300 catéteres arteriais e venosos, 142.000 equipos de infusión de diferentes características, 18.000 equipos reguladores de fluxo, 1.800 sistemas quentadores de fluídos, 6.000 solucións de irrigación e lavado, 1.300 tubos endotraqueais e 15.000 máscaras de oxíxeno de diferentes concentracións.

Tamén recolle a compra de 39.000 unidades de luvas de cirurxía, 1.200.000 luvas de nitrilo, 125.000 máscaras de protección FFP2 e 4.000 FFP3, 500.000 calzas dun só uso, 220.000 gorros e 10.000 batas impermeables

No tocante ao material de laboratorio, o referido orzamento recolle a compra de 3.600 kits de detección rápida SARS-CoV-2, 2.800 kits de RNA que permiten detectar en laboratorio tanto SARS-CoV-2 como influenza A/B, 1.000 kits de PCR-RT para detección cualitativa de mutacións coronavirus, así como 5.600 reactivos IGG.

Ademais destas cantidades, tamén se destinan 424.407 euros á adquisición de produtos farmacéuticos, 38.758 euros para a compra de vestiario para o persoal de puntos de vacinación, fundamentalmente anoraks e forros polares, e 19.976 euros para tarefas de limpeza e aseo entre outros servizos.

A adquisición de todo este material e a contratación dos servizos detallados, xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da COVID-19 que elaborou no seu día o Comité de expertos no seguimento do coronavirus, e que prevé, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles rebrotes. O Comité de expertos está formado pola



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das áreas sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urgencias hospitalarias.

Comunicación da Xunta de Galicia

San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238 / 42 / 51 - Fax: 981 541 252 / 41
Correo-e: comunicacion@xunta.gal



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



GALICIA ACUMULA UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 12 MILLÓNS DE EUROS NA RENOVACIÓN PARCIAL DA FROTA DE GARDACOSTAS AO LICITAR UN NOVO CONTRATO PARA DÚAS PATRULLEIRAS

- *A licitación para a subministración destas dúas embarcacións conta cun orzamento de 2,2 millóns de euros e está cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca*
- *Estas unidades súmanse ás catro patrulleiras lixeiras que xa entraron en servizo entre 2019 e 2020 e á embarcación de gran porte que está en proceso de construción para substituír a Paio Gómez Chariño, cun investimento total de máis de 10 millóns de euros*
- *As súas características fanas aptas para tarefas de inspección e vixilancia pesqueira, control e apoio á frota, colaboración en operacións de busca e salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña*
- *Esta medida é unha mostra máis de que o Servizo de Gardacostas é unha aposta blindada da Consellería do Mar coa mellora constante dos seus medios para optimizar a loita contra o furtivismo e a seguridade das costas galegas*

A Xunta avanza na renovación parcial da frota do Servizo de Gardacostas de Galicia coa licitación dun novo contrato para a subministración de dúas patrulleiras lixeiras por importe de 2,2 millóns de euros. Estas dúas embarcacións -aptas para tarefas de inspección e vixilancia pesqueira, control e apoio á frota, colaboración en operacións de busca e salvamento marítimo e participación en actividades de loita contra a contaminación mariña- súmanse ás catro incorporadas ao servizo entre 2019 e 2020 por importe de 3,7 millóns de euros e á embarcación de gran porte que está en construción nestes momentos por importe de 6,5 millóns de euros.

Deste xeito, Galicia leva investidos máis de 12 millóns de euros na mellora dos medios do servizo co obxectivo de optimizar a loita contra o furtivismo e a contaminación mariña así como para mellorar a busca e o salvamento nas súas costas. Así o reflicte un informe que foi analizado hoxe polo Consello da Xunta e que demostra que o Servizo de Gardacostas de Galicia é unha das apostas blindadas da Consellería do Mar mediante a renovación e mellora constante dos seus medios.

O orzamento de licitación do contrato ascende a 2,2 millóns de euros (IVE incluído) e está cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). O anuncio xa foi publicado no *Diario Oficial de la Unión Europea (DOUE)* e as empresas interesadas poden presentar ofertas ata o próximo 7 de xuño.

O prazo de execución do contrato será de doce meses contados a partir da data de sinatura e formalización do acordo e establécese que a entrega da primeira patrulleira

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

se producirá aos oito meses da sinatura, probablemente a comezos de 2022, e a segunda cando se fagan os 12 meses da adxudicación.

As embarcacións deben ser de tipo monocasco e terán un acabado do máis alto nivel de calidade para os barcos profesionais desta clase. A súa eslora será de entre 15 e 17 metros, a súa manga de entre 4,5 e 5 metros e o seu calado medio de entre 0,9 e 1,4 metros. A súa velocidade máxima con desprazamento a plena carga debe ser de, polo menos, 28 nós. A súa autonomía acadará preto das 400 millas, o equivalente a arredor de 22 horas de navegación.

Renovación parcial

A licitación deste contrato enmárcase no proceso de renovación e modernización parcial da frota do Servizo de Gardacostas de Galicia e tras a súa execución terán entrado en servizo sete unidades novas. As catro primeiras xa están operativas -a *Punta Promontorio* en Celeiro, a *Punta da Guía* en Vigo, a *Punta Falcoeiro* en Ribeira e a *Seixo Branco* na Coruña- mentres que a embarcación de gran porte que substituirá a *Paio Gómez Chariño* está previsto que sexa entregada nos vindeiros meses. A estas cinco unidades sumaranse a partir do próximo ano as dúas que se licitan agora para a súa subministración.